



Compostela
Cultura

VIAXES

CICLO DE LIED

Temporada de abono 2021-22

VENRES 3

DECEMBRO 2021

Auditorio de Galicia, 20.30 h

HOMENAXE A PAULINE VIARDOT

Ana Nebot, soprano

Marina Rodríguez-Cusí, mezzosoprano

Arkaitz Mendoza, piano



En colaboración coa Asociación de Amigos
da Ópera de Santiago

Sala Mozart

19.45 h

CONvers@ndo con

Arturo Reverter e

Victoria Stapells





PROGRAMA

PAULINE VIARDOT (1821-1910)

Bonjour, mon cœur!

Solitude

Évocation

Un jour de printemps

Les filles de Cadix

Hai Luli!

Fleur desséchée

La canción de la Infanta

Madrid

FRÉDÉRIC CHOPIN (1810-1849)

Nocturno núm. 20 en do sostenido menor, Op. Posthum

PAULINE VIARDOT / FREDERIC CHOPIN

Séparation

La beauté

Mazurka op. 6 num. 2 en sol sostenido menor

PAULINE VIARDOT / JOHANNES BRAHMS

Les Cavaliers

Les Bohémiennes

JOHANNES BRAHMS (1833-1897)

Intermezzo en La maior, op. 118 num. 2

Klosterfräulein

Die Meere

Am Strande

Die Schwestern

CAMILLE SAINT-SAËNS (1835-1921)

El desdichado

Ana Nebot

Soprano

Nace en Oviedo, onde se licencia en Historia da Arte pola Universidad de Oviedo, finalizando o Grao Superior de Canto con Ana Luisa Chova no Conservatorio Superior Joaquín Rodrigo de Valencia. Perfecciona a súa técnica con Robert Expert e Guy Flechter. No eido da ópera interpretou os seguintes papeis: Serpina de *La Serva Padrona*, Jano de *Jenufa*, a Sacerdotisa de *Aida*, Thibault de *Don Carlos*, Amore de *L'arbore di Diana* (Gran Teatre del Liceu), Bastiana de *Bastian e Bastiana* (Teatro Real, Festival de Música de Cámara de Villaviciosa de Odón, Teatro Gayarre), Adina de *L'elisir d'amore* (Teatro Palacio Valdés), Fuensantica de *Maria del Carmen* (Auditorio de Murcia), Ilia de *Idomeneo* (Teatro Campoamor), Berenice de *L'occasione fa il ladro* (Gran Teatre del Liceu-Teatre Lliure, Teatro Arriaga, Auditorio de Galicia), Corinna de *Il Viaggio a Reims* (The Israeli Opera Tel-Aviv-Yafo), Papagena de *Die Zauberflöte* (Teatro Villamarta de Jerez, Teatro Cervantes de Málaga), Carolina de *Luisa Fernanda*, Ana Mari de *El Caserío*,

Rosa de *El rey que rabió* (Festival de zarzuela do Teatro Campoamor), Ermerinda de *Covadonga* (Auditorio Príncipe Felipe), Lisa de *La Sonámbula* e Drusilla de *L'incoronazione di Poppea* (Teatro Calderón de Valladolid), Angelita e Luisa de *Chateau Margaux* e La Viejecita (Teatros del Canal), Ghita de *Una cosa rara* (Auditorio de Murcia), Nedda de *I Pagliacci* (Irún)... sendo dirixida por mestres como Max Valdés, Max Bragado, Josep Pons, Miguel Ángel Gómez Martínez, Eric Hull, Friedrich Heider, Peter Schneider, Víctor Pablo Pérez, Maurizio Benini, Pietro Rizzo, Harry Bicket, Juan Luis Martínez, Miguel Roa, José Ramón Encinar, Antonio Florio, A. Ros Marbá ou Massimo Zanetti, entre outros. Tamén cantou oratorios como *Oda para o aniversario da Raíña Ana*, *Mesías* e *Fountain Hospital Anthem* de Haendel; *Oratorio de Nadal* e *Magnificat* de Bach, *Gloria* de Vivaldi; *Réquiem*, *Misa da Coroación* e *Misa en do menor* de Mozart; *Salmo 42*, *Elías* e *Soño dunha noite de verén* de Mendelssohn; *Réquiem*

de Faurè; *Misa in Tempore Belli* de Haydn; *Carmina Burana* e *Novena Sinfonía* de Beethoven no Auditorio Príncipe Felipe de Oviedo, Auditorio Nacional de Madrid, L'Auditori de Barcelona, Palau de la Música de Barcelona, Auditorio Manuel de Falla de Granada, Palacio de Festivales de Santander, Teatro de la Ópera

de Montpellier, Sala Bulgaria (Sofia), Semana Musical de Perpignan, Auditorio de Galicia, Teatro da Ópera de Montpellier, Auditorio de Tenerife, entre outros. As súas gravacións en DVD inclúen óperas como *Jenufa* e *Aida* para os selos discográficos Opus Arte e TDK.

Marina Rodríguez-Cusí

Mezzosoprano

Logo de ser premiada en diversos concursos, presentouse en importantes escenarios interpretando: Zenobia de *Radamisto* de Haendel no Concertgebouw de Ámsterdam e no Musikverein de Viena, Hermia de *Soño dunha noite de verán* e Ottavia de *L'Incoronazione di Poppea* na Staatsoper de Hamburgo dirixida por Simone Young e A. de Marchi, Ericlea de *Il Ritorno d'Ulisse in patria* na Sala Pleyel de París dirixida por William Christie, a Mensaxeira de *L'Orfeo* de Monteverdi no Festival Perigord Francia, Rosmene de *Il Prigioner Superbo* no Festival Pergolesi-Spontini de Jesi Italia. Cherubino de *As vodas de Figaro*; Polinesso de *Ariodante*, Cornelia de *Giulio Cesare* e Disinganno de *Il Trionfo del Tempo*

e del *Disinganno* de Haendel, Ottone de *L'Incoronazione di Poppea*, Pippo de *La gazza ladra*, Smeton de *Anna Bolena*, Suzuki de *Madame Butterfly*, Romeo de *I Capuleti ed i Montecchi*, Olga de *Eugene Onegin*, Madame La Rose de *La Gazzetta*, Zia Principessa de *Suor Angelica*, Siebel de *Faust*, Bersi de *Andrea Chénier*, Azucena de *Il Trovatore*, a Bela de *La Belle et la Bête*, Marchesa Melibea de *Il Viaggio a Reims*, *Tancredi* no Teatro Real de Madrid, Gran Teatre del Liceu de Barcelona, Arriaga e Euskalduna de Bilbao, Palacio da Ópera de A Coruña, Kursaal de San Sebastián, Campoamor de Oviedo, Maestranza de Sevilla, Villamarta de Jerez, Cervantes de Málaga, Miguel Delibes de Valladolid, Golden de Palermo,

Alte Oper Frankfurt, etc. En oratorio-concerto interpreta obras como: *Stabat Mater* de Pergolesi; *Oratorio de Nadal*, *Paixón segundo San Xoán* e *Magnificat* de Bach; *Mesías* de Haendel; *Juditha Triumphans* e *Gloria* de Vivaldi; *Réquiem* de Mozart; *Petite Messe Solennelle* de Rossini; *Soño dunha noite de verán*, *Lobgesang* e *Die Erste Walpurgisnacht* de Mendelssohn; *Réquiem* de Verdi; *Te Deum* e *Réquiem en re menor* de Bruckner; *Kindertotenlieder*, *O canto da terra* e a *Sinfonía* núm. 2 de Mahler; *Misa en Re maior* e *Stabar Mater* de Dvorak; *Sinfonía* núm. 1 '*Lamentation de Jeremiah*' de Bernstein; *Los Ángeles* de Chapí; *La*

Damoiselle Elue e *Le Martyre de Saint Sébastien* de Debussy; *El Amor Brujo* e *El Sombrero de Tres Picos* de Falla; *Alegrías* de García Abril; *Philistaei a Jonatha Dispersi* de Martín y Soler; *Pulcinella* de Stravinski; *Alexander Nevsky* de Prokofiev e *Pierrot Lunaire* de Schönberg; *Las Canciones Negras* de Montsalvatge no Auditorium Parco della Musica di Roma, Teatro Monumental e Auditorio Nacional de Madrid, Palau de les Arts de Valencia, Palau de la Música e Auditori Principal de Barcelona, Auditorio Manuel de Falla de Granada, Zipper Concert Hall e Schoenberg Hall de Los Ángeles, etc.

Arkaitz Mendoza

Piano

Director de orquestra e pianista nacido en San Sebastián. Discípulo dos mestres Enrique García Asensio, Aldo Ceccato e actualmente de George Pehlivanian, obtivo, baixo a tutela deste último, o Mestrado e o Programa Superior de Dirección de Orquestra no Centro Katarina Gurska de Madrid. Así mesmo, é licenciado en Piano, Órgano e Historia e Ciencias da Música e

cursou un Mestrado en Xestión Cultural, estudos realizados en San Sebastián, Bayona e nas Universidades de La Rioja e Alcalá de Henares. Desde 2010 es Director Titular da tempada de zarzuela do Teatro Victoria Eugenia de San Sebastián n as producións da Asociación Lírica Sasibill, debutando ata hoxe máis de 15 títulos de zarzuela. Dirixiu

na Quincena Musical donostiarra a ópera *4 Notas* de Tom Johnson e dentro do marco do Festival de Jazz de San Sebastián dirixiu o concerto Homenaje a Nat King Cole acompañando ao cantante de jazz Gregory Porter. Recentemente dirixiu á Oviedo Filarmonía e á Orquesta Sinfónica de Bilbao. No eido da ópera dirixiu *La finta giardiniera* de Mozart, *A Cincenta* e *O barbeiro de Sevilla* de Rossini e *Marina* de Arrieta, e foi director asistente e pianista repertorista nos proxectos de Opus Lírica (*L'Elisir d'amore*, *Don Pasquale*, *Carmen*, *La Bohème*, etc.). Fundador da orquestra e coro Kamerata EusKdivarius interpretando a *Misa por la Paz* de Karl Jenkins e a *Primeira Sinfonía* de Johannes Brahms. No ano 2020, co gallo do 250 aniversario do nacemento de Ludwig van Beethoven, levou a cabo un ambicioso proxecto coa súa orquestra Kamerata EusKdivarius: interpretar a integral das súas sinfonías en nove localidades diferentes de Guipúzcoa, culminando o proxecto o mesmo día do aniversario de Beethoven interpretando a *Novena Sinfonía* no Teatro Victoria Eugenia de San Sebastián. Foi pianista colaborador

da Orquesta Sinfónica de Bilbao e entre as súas gravacións en solitario destacan os *Nocturnos* de Chopin no libro-disco *La noche flexible* xunto con poesía do afamado escritor vasco Harkaitz Cano. Colaborou como crítico musical no xornal Berria. Compaxina a súa actividade docente como profesor pianista repertorista de trompa en Musikene e no Conservatorio Profesional Francisco Escudero de San Sebastián coa súa carreira artística como director de orquestra e pianista.

Pauline Viardot: unha débeda histórica

«¡Detente! E déixame compartir a túa inmortalidade, deixa caer no meu espírito un reflexo da túa eternidade».

“Detente!” (Nov. 1879). *Poemas en prosa*. Iván S. Turguénev

Conmemórase este ano o 200 aniversario do nacemento dunha singular artista musical de indiscutible recoñecemento. A medida que van emerxendo estudos e se vai enriquecendo a historiografía musical xorden aspectos que complementan o discurso histórico herdado. Isto acontece con Pauline Viardot-García, practicamente ausente nos manuais do Romanticismo europeo que viñamos estudando ata hai ben pouco. Con tal fin, este 2021 artéllanse varias iniciativas necesarias e indispensables -Compostela non é menos- que van dende a recuperación de cancións inéditas en lingua española ate a produción de óperas de cámara. E canto máis descubrimos dela, máis nos damos conta do imprescindible que é o seu xenio musical. Unha xenialidade comprensible se nos adentramos nos dous contextos da

artista: o núcleo familiar, fundamental no perfeccionamento da técnica vocal e da calidade interpretativa elevándoa coma todo un referente; e, por outra banda, o feito de participar nos acontecementos do tempo que lle tocou vivir e que conduciron á transformación radical da estética musical que carrexou o século XIX.

Michelle Ferdinande Pauline García Sitches pasaría a ser máis coñecida como Pauline Viardot (1821-1910), apelido que asume do seu marido, o hispanista galo famoso por traducir o *Quixote* ao francés. Era filla do gran tenor sevillano Manuel García (1775-1832), que foi un incansable mestre de canto, coñecedor dunha pulcra técnica vocal e autor dun tratado de canto de referencia. O eterno Almaviva de *O barbeiro de Sevilla* levou á súa familia de cidade en cidade e de país en país, argallando distintas compañías de ópera; mesmo arribará a América para dar a coñecer o xénero italiano cando alí apenas tiña presenza. Casará en segundas nupcias coa soprano Joaquina Sitches (Briones, de alcume artístico) e xuntos terán tres fillos: o barítono Manuel García, nado en Madrid (1805-1906); e xa

en París, a soprano María Malibrán (1808-1836) e a mezzo Pauline Viardot, a menor do clan.

O nomadismo da familia, pero tamén o feito de relacionarse coas elites artísticas e musicais, impregnará o carácter de Pauline, facendo dese estilo de vida un baluarte. As relacións do propio García co mesmo Rossini ou co libretista mozartiano por excelencia, da Ponte, serán continuadas pola súa filla, establecendo un círculo social integrado polos protagonistas do Romanticismo: foi discípula de Liszt, amiga de George Sand -que se inspirará nela e mesmo lle adicará a súa novela *Consuelo*- e Chopin (cantará no seu enterro seguindo a vontade do pianista); compañeira e amiga de Clara Schumann dende novas, cantará co propio Wagner na estrea doméstica de *Tristán e Isolda* anos antes da súa estrea, colaborará con Berlioz, apoiará o lanzamento da carreira duns xoves Saint-Saëns e Gounod, coñecerá a Brahms, Schumann, Fauré, Tchaikovsky, Dickens, Musset... En definitiva, asistirá e participará activamente dende o mesmo vórtice centroeuropeo no percorrer da música cara o cambio de século.

De carácter entusiasta e desenvolto, cunha inesgotable avidez intelectual, políglota e cultivada, segura e resolta á hora de organizar tratos ou negociacións. Destaca nela a infatigable capacidade de afrontar calquera situación crítica e xestionala de xeito sublime. Esixente nos ensaios e disposta a involucrase para obter excelsos resultados. Como artista: técnica, dramática, con presenza e intelixente. Pauline chegará a ser a *prima donna* máis custosa e solicitada do panorama lírico europeo.

Aínda que a formación de Pauline estaba dirixida cara a interpretación como pianista, o aspecto vocal sempre estivo latente. Era habitual que ela fora quen acompañara ao seu pai nas clases de canto. Xa falecido García, será a prematura perda da súa irmá María, que se atopaba en plena xuventude e no máis alto da súa carreira, o motivo polo que a súa nai tome as rendas da formación de Pauline e a reconduza cara o canto.

O estudo e coñecemento da melodía semella ter gran relevancia na familia García. O patriarca dáballo



moita importancia á improvisación de pasaxes melódicas de gran virtuosismo nas súas clases, e así llelo inculcou aos seus fillos. Tanto o pai como as fillas comporán gran cantidade de melodías para voz e instrumento acompañante que, por exemplo, no caso de María Malibrán se traducirá na guitarra ou na arpa; sen embargo Pauline, coa súa formación pianística tenderá ao seu instrumento. Estas melodías mesmo as empregaban intercaladas nos recitais e nas óperas que interpretaban; pero tamén nas veladas e reunións privadas. Aínda que existen obras de xuventude, a produción da cantante intensifícase unha vez retirada da vida pública, a partir dos 43 anos, artellando un corpus de partituras destinadas para soar no seu concorrido salón, ateigado de grandes músicos do momento, executadas por ela mesma e tamén polos seus alumnos.

Testemuña do carácter cosmopolita e inqueda desta gran muller é a gran versatilidade á hora de somerxerse nas distintas linguaxes tanto como intérprete como compositora. Diferenciará as sonoridades arcaicas (lembramos que asiste á recuperación da música

de Haendel, Pergolesi... chegando a participar no Orfeo de Gluck como Euridice); mostrarase receptiva e curiosa ante o novo facer das novas xeracións no que infire á ópera con Strauss á cabeza; e servirá de transmisora da música española no núcleo intelectual que frecuentaba. De feito, cítase como unha calidade da Viardot o seu interese por coñecer os textos literarios no seu idioma orixinal e trasladalos ás partituras. Pero tamén no que infire ao eido musical, albergando unha escritura propia dunha persoa coñecedora das técnicas pianística e vocal; outorgando complexidade, gran colorido harmónico, ademais da sonoridade e carácter de cada país. Deste xeito, non abordará igual a composición e interpretación dunha canción en español, que en francés ou ruso.

Toda esta pluralidade reflíctese no programa de hoxe, que comeza por un conxunto de obras en francés e español da homenaxeada; pasa por adaptacións e arranxos de Chopin e Brahms, froito da estreita interacción que mantiveron con Viardot; e remata cun bolero en español de Saint-Saëns, tamén coa pegada da cantante.

Como vemos, hai argumentos suficientes para afirmar que realmente existe unha débeda para con esta gran imprescindible da historia da música; figura fascinante canto máis sabemos dela e da que aínda queda moito por escoitar e descubrir.

B. Cancela

PRÓXIMOS CONCERTOS

**Xoves 9 - Venres 10 de decembro,
20:30 h**

A SOMBRA DE CRISTAL

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Paul Daniel, director

María Hinojosa, soprano

César San Martín, barítono

Quico Cadaval, texto e director de escena

Fernando Buide, música

G. B. Pergolesi: La Serva Padrona

F. Buide: A sombra de Cristal*

*Estrea absoluta. Encargo RFG

En co-produción coa Asociación
de Amigos da Ópera de Santiago.

En co-produción co Centro Dramático
Galego

19:45 h

Sala Mozart

Conversando con...

Quico Cadaval & Fernando Buide



AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 462 Zona C

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org

www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia

CompostelaCultura



@rfgalicia

@CCultura

